



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A REFORMULACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO PARA O SEU FORTALECIMENTO.**

A atención primaria do sistema sanitario público de Galicia, está a ser obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos, por suposto, as persoas que traballan no sistema. Esta situación viña sendo nuclear no debate da política sanitaria antes da pandemia, problema que os e as profesionais do sistema sanitario afrontaron con tremenda profesionalidade e capacidade de resolución, sen que iso servira para que as ineficiencias na xestión da primaria fosen afrontadas cun novo impulso por parte do goberno de Galicia.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos, froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta e, anteriormente, polo Goberno de España presidido por Mariano Rajoy.

As políticas de recortes, afrontas e destrozos dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave. Esta é a terceira peor comunidade autónoma de España en ratio de médicos e medicas por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España). Tamén é a terceira con peor ratio de enfermeiros e enfermeiras por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como a saúde mental e estamos por debaixo da media en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas –por exemplo Asturias– supera o 98 %.

O carrusel de problemas creado polo empecinamento da Consellería de Sanidade na súa estratexia de aminoramento, esmagamento e amputamento de servizos e profesionais da atención sanitaria primaria é ben coñecida na nosa provincia. Nos últimos tempos temos exemplos bochornosos, co desmantelamento de prestacións e a eliminación de profesionais en moitos concellos pequenos e tempos de agarda *in crescendo*, nun novo ataque do goberno galego ao rural.

Pero tamén nos hospitais comarcais que atenden á veciñanza destas zonas coa atención primaria en mínimos. No hospital de Valdeorras sofren unha importante merma de servizos, profesionais e investimentos e incluso algo tan básico como a negación sistemática dunha UVI móbil propia para as emerxencias e os casos máis graves das comarcas que atende. En Verín, o PP quixo desmantelar á forza, os servizos de pediatría e



atención a partos, un inaudito ataque contra as prestacións que as administracións públicas están obrigadas a prestar para a protección da infancia.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, iniciou un proceso de reformulación da atención primaria, coa apertura de grupos de traballo. Pero, a concatenación de problemas levou á consellería a iniciar esas reformulacións de maneira paralela, con dous procesos de maneira simultánea aínda que por vías distintas, que provocaron unha confusión relevante no sector.

A pesar diso, os informes acordados poden servir de utilidade para referenciar ideas para a mellora da atención primaria. A análise titulada ‘Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde’ permite concluír un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas pola Xunta. Os expertos apuntan numerosos problemas, que poden ser agrupados en bloques que destapan notorias deficiencias:

- **Persoal:** saturación de consultas; necesidade de máis profesionais; convocatoria anual de prazas; mellora das condicións laborais ou dotar de calidade á contratación.
- **Coordinación e aproveitamento:** necesaria clarificación de funcións incorporando profesionais para diversificar e especificar tarefas, ademais de permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.
- **Planificación da estrutura:** descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximo nivel e non controlados de maneira tan ríxida polas xerencias das EOXI, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria.
- **Formación e investigación:** maior formación e dotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.

Estas conclusións advirten das eivas do sistema, derivadas dunha política negacionista da realidade executada pola Consellería de Sanidade, que negou sistematicamente estas realidades apuntadas por colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un gran número de propostas en consonancia con estas conclusións, reciben desde hai tempo o rexeitamento e negación por parte do PP e o Goberno da Xunta de Galicia nos debates e votacións en calquera institución pública.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

1. Instar á Xunta de Galicia a iniciar, antes do fin de 2021, unha reformulación real da atención primaria coa incorporación progresiva de un maior número de profesionais de especialidades, a maiores do eixo médico/a–enfermeiro/a, incluíndo a posibilidade de incorporar máis especialidades.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

2. Instar á Xunta de Galicia a mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do Sergas que son contratados de maneira discontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais dotándoos de maior estabilidade.
3. Instar á Xunta de Galicia a implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.
4. Instar á Xunta de Galicia á coordinación de servizos, fomentando a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundar no que poden.
5. Instar á Xunta de Galicia a promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria coa maior rapidez e medios posibles.
6. Instar á Xunta de Galicia a ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.

En Ourense, 10 de setembro de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE